

DECRETO DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DE BASES DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, DE 1 POSTO DE PEÓN AO ABEIRO DA ORDE DO 20 DE DECEMBRO DE 2019 (RISGA 2020) (DOG Núm. 18, do 28 de xaneiro de 2020).

En Meis, Dna. Marta Giráldez Barral, Alcaldesa-Presidenta deste Concello, dicta a seguinte Resolución:

Vista a resolución da Consellería de Economía, Emprego e Industria de data 12 de xuño de 2020 ao abeiro da *Orde do 20 de decembro de 20119 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga)* (DOG Núm. 18, do 28 de xaneiro de 2020), o Concello de Meis pretende a contratación laboral temporal, durante nove meses a xornada parcial, de 2 peóns para a obra/servizo **RECUPERACIÓN MEDIOAMBIENTAL**, co obxecto de proporcionarlles a experiencia e práctica profesionais necesarias para facilitar a súa inserción laboral.

Esta Alcaldía, no uso das atribucións que lle competen de acordo co artigo 21, g) da Lei reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVE:**

1º. Aprobar as bases que rexerán a provisión, mediante concurso-oposición, de 2 postos de peón, coa contratación de 2 persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e que estean dispoñibles para o emprego.

2º. A ocupación a ofertar será a de peón de obras públicas en xeral, con carácter de laboral temporal durante nove meses a xornada parcial.

Mándao e asínoa a alcaldesa, do que, a secretaría DÁ FE.

Documento asinado electronicamente.

